



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 24 de xuño de 2021 (1037/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (on line)
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font (on line)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (on line)
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e catro de xuño de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, a interventora xeral adxunta, Sr. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(529).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 17 de xuño de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(530).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA PARA A REALIZACIÓN DUN MÁXIMO DE EVENTOS INSTITUCIONAIS ORGANIZADOS POLA ALCALDÍA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18386/101.

Visto o informe xurídico do 17/06/21 e o informe de fiscalización do 18/06/21, dáse conta do informe-proposta do 17/06/21, asinado pola xefa do Departamento

Administrativo de Alcaldía, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes

En cumprimento do establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, e en base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio que consta no expediente, asinado con data 18 de maio de 2021 pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal, que dispón que se inicie expediente administrativo para a prestación do servizo de produción técnica para a realización de eventos institucionais.

En consonancia co artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación e sinala entre outras as seguintes:

- a) Representar ao Concello
- b) Dirixir a política, o goberno e a administración municipal.
- c) Establecer directrices xerais de acción de goberno municipal e asegurar a súa continuidade.

Así mesmo, o artigo 25 da Lei 7/1985 outorga os municipios, no exercicio da súa autonomía e no ámbito das súas competencias, capacidade para promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

A Concellería de Xestión Municipal, e en concreto a Alcaldía encargase da organización de eventos institucionais conmemorativos ou de representación ao longo de todo o ano en diversos puntos da cidade.

O presente contrato ten por obxecto a contratación da prestación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de 20 eventos institucionais anuais organizados dende a Concellería de Xestión Municipal.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado pola Xefa da unidade administrativa de Alcaldía e pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal asinada con data 18 de maio de 2021.
- Memoria económica asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía, coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 21 de maio de 2021.
- Declaración da redactora do prego, asinado pola Xefa da unidade administrativa da Alcaldía con data 24 de maio de 2021.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía con data 24 de maio de 2021.



Concello de Vigo

- Memoria xustificativa que contén os elementos básicos do contrato, asinada pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 15 de xuño de 2021.
- Prego de prescricións administrativas particulares, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 15 de xuño de 2021.
- O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2021 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

Normativa de aplicación.

Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.

Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Lei 25/2013 de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público.

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.

Obxecto e natureza do contrato

O presente contrato ten por obxecto a contratación da prestación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de 20 eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello de Vigo ao longo dun ano.

Dentro do obxecto do contrato inclúese todas os servizos, equipamentos, medios técnicos e infraestruturas necesarias para a realización de 3 tipoloxías de eventos.

De conformidade co previsto no artigo 99.3 LCSP, o obxecto do presente contrato non se divide en lotes, xa que a realización independente das diversas prestacións que constitúen o seu obxecto dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, así como a que a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións podería verse imposibilitada pola súa división en lotes.

Procedemento de adjudicación e forma de tramitación

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. A presente contratación encádrase no contrato de servizos administrativos, sociais, educativos, sanitarios e culturais do Anexo IV da citada Lei.

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto** mediante pluralidade de criterios de adxudicación en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

En canto a forma de tramitación será a ordinaria.

O obxecto do contrato identifícase co código CPV seguinte: CPV: 79952000-2 (Servizos de eventos); 79952100-3 (servicios de organización de eventos culturais). Trátase dun contrato según necesidades.

Prezo do contrato

O orzamento máximo de licitación é de **91.142,10 €** (noventa e un mil cento corenta e dous euros con dez céntimos) iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **15.818,05 €** (quinze mil oitocentos dezaoto euros con cinco céntimos).

Prezo con iva: **91.142,10 €**

Prezo sen iva: **75.324,05 €**

Importe 21% iva: **15.818,05 €**

Sendo os prezos unitarios por tipoloxía de evento con iva:

Eventos tipo A: **17.371,40 €**

Eventos tipo B: **9.371,96 €**

Eventos tipo C: **779,31 €**

Valor estimado do contrato

O valor estimado do contrato ascende a 301.296,20 €. (Anualidade máis tres anos de prórroga).

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación 2021 9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais) da Alcaldía correspondente aos exercicios dos anos 2020 e 2021.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

A competencia para aprobación do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación ao amparo da Disposición adicional segunda da LCSP. A resolución segundo o artigo 117 da citada lei deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:



Concello de Vigo

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de produción técnica para a realización dun máximo de eventos institucionais organizados pola Alcaldía do Concello que contén o prego de prescricións técnicas particulares de data 24 de maio de 2021 asinado pola Xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía, e o prego de prescricións administrativas particulares de data 15 de xuño de 2021, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Segundo .- Autorizar un gasto por importe de **91.142,10 €** (noventa e un mil cento corenta e dous euros con dez céntimos) ivo engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de ivo **15.818,05 €** (quinze mil oitocentos dezaoto euros con cinco céntimos) con cargo á aplicación orzamentaria 2021 9120 2279910 (asistencia técnica a proxectos institucionais) dos presupostos da Alcaldía.

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(531).- MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA E NOS DEMAIS DELEGADOS DE COMPETENCIAS: ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS. EXPTE. 601/1102.

Dáse conta da proposta de data 22/06/21, asinada pola secretaria do goberno local, a concelleira de Xestión municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

Con data 21/06/2021, dende a Concellería-Delegada de Fomento emítese informe propoñendo a modificación de acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias no seguinte sentido:

“Na xestión diaria dos expedientes da Área de Fomento se teñen detectado diferentes ámbitos de mellora de cara á unha maior eficacia e eficiencia na tramitación administrativa de expedientes competencia desta Concellería. Trala realización da última delegación na que se incluíu: “Acordar a continuación provisional das obras tal e como esté previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasionen graves prexuízos para o interese público, nos termos do previsto no artigo 242.5 da LCSP” detectouse a necesidade de delegar expresamente a autorización, disposición e compromiso de gasto derivado das citadas continuacións aos efectos de garantir a súa operatividade.

Para elo propónse o seguinte:

1º.- DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELEIROS-DELEGADOS DE ÁREA

A.- Engadir a seguintes delegación:

Engadir ao punto 7 da delegacións (acordos de continuación provisional das obras tal e como esté previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasionen graves prexuízos para o interese público, nos termos do previsto no artigo 242.5 da LCSP) “autorización, disposición e compromiso de gasto derivados das mesmas, de ser necesario”.

Á vista da devandito informe da Área de Fomento, resulta preciso axustar a delegación das competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados e delegadas de competencias, polo que, ao abeiro das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación, procede formular á Xunta de Goberno Local a seguinte **proposta**:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados/as de competencias no seu **apartado III** que quedará redactados do seguinte xeito:

III.- NA CONCELLERÍA DELEGADA DA ÁREA DE FOMENTO E SERVIZOS.

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos, salvo no caso dos contratos menores de obras; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.¹
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras.²
4. Aprobar a prórroga do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Aprobación do proxecto de obras polo procedemento simplificado abreviado previsto no artigo 159.6 da LCSP ou normativa de aplicación.

1 Rectificación erro material acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de novembro 2020

2 Rectificación erro material acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de decembro 2020



Concello de Vigo

6. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (establecida no artigo 243.6 da LCSP, ou normativa de aplicación).
7. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público, nos termos do previsto no artigo 242.5 da LCSP, ou normativa de aplicación e a autorización, disposición e compromiso de gasto derivados das mesmas, de ser necesario.
8. Resolución do expediente de danos e perdas previsto no artigo 208.2, ou normativa de aplicación, nos contratos de obras.

Segundo.- Notificar o presente acordo ás concelleiras afectadas e demais concelleiros e concelleiras delegados de área, para o seu coñecemento e efectos.

Terceiro.- Comunicar este acordo ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Cuarto.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

Quinto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(532).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 13696/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/06/21, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

- 1.- Contencioso. Expediente nº 13269/111
Sentenza nº 68 do 12 de maio de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 319/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Imposición de sanción en materia de tráfico, consistente en multa por non identificar ao condutor.

Expte(s): 282108/280

Contía: 1.200,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción imposta (por deficiente notificación do requerimento de identificación do condutor e prescrición da infracción) con condena á devolución como ingreso indebido do importe da sanción (de ter sido aboado total ou parcialmente - en caso de fraccionamento da débeda - polo demandante).

O departamento de Seguridade e a Tesourería - Recadación Municipal deben executar o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 13300/111

Sentenza nº 104 do 6 de maio de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 338/2020

Demandante/Recorrente: Particulares

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por danos materiais e persoais.

Expte(s): 6132/243

Contía: 5.465,13 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso e condena ao Concello a indemnizar ao propietario do vehículo por 665,95 € e á condutora por 1830,78 €, con xuros legais desde a data da reclamación administrativa (28-1-2020).

Ao se tratar de sentenza de condena ao pagamento de cantidade determinada a Intervención municipal debe executalo.

O departamento de Patrimonio-RPA debe xestionar a aplicación do contrato municipal de aseguramento e dirixir a acción de repetición contra a contratista das obras viarias (o que xa debeu facerse en vía administrativa)

3.- Contencioso. Expediente nº 13301/111

Sentenza nº 197 do 14 de maio de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7003/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Decreto do 05/12/2019 desestimatorio das alegacións presentadas pola extinción do contrato de aluguer do local municipal sito na rúa Elduayen nº 5.

Expte(s): 20395/240

Contía: Indeterminada

Resolve a apelación municipal, desestimándoa, con confirmación da sentenza de instancia e custas taxadas.

O departamento de Patrimonio debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

Procedemento de orixe: RCA 55/2020 PO – Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, sentenza nº 193 do 10 de novembro de 2020, estimatoria.

4.- Contencioso. Expediente nº 13370/111
Sentenza nº 64 do 10 de maio de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 18/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos sufridos a consecuencia dunha caída na rúa Mantelas.

Expte(s): 6043/243

Contía: 2.950,09 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula o acto administrativo municipal e declara a concorrencia de culpas entre a accidentada e a contratista executora das obras e codemandada (ORES S.L) quen é condenada a indemnizar á demandante no 30% dos danos reclamados: 885,025 €, con xuros legais desde a data da reclamación administrativa (25-10-2019).

O departamento de Patrimonio-RPA e o de Fomento deben verificar que a contratista condenada cumpra co xudicialmente resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 13377/111
Auto nº 32 do 24 de maio de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 21/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial por danos materiais en vehículo.

Expte(s): 6174/243

Declara rematado o procedemento polo recoñecemento en vía administrativa das pretensións dos demandantes (resolución expresa do 30-4-2021).

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto (e verificar a execución do acto administrativo serodio).

6.- Contencioso. Expediente nº 13406/111
Sentenza nº 76 do 24 de maio de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 24/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución sancionadora en materia de tráfico ditada polo Concello o 28/09/2020.

Expte(s): 283631/280

Contía: 100,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 13476/111
Sentenza nº 63 do 6 de maio de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO
Abreviado: 76/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 19/01/2021 pola que se lle impón sanción de tráfico por importe de 45 Euros. Estacionar carecendo de ticket o 22/09/2020 na rúa Nicaragua nº 30 Vigo
Expte(s): 284047-280

Esta sentenza, firme, estima o recurso anulando a sanción imposta.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto (anulación da sanción e devolución como ingreso indebido se fose o caso).

8.- Contencioso. Expediente nº 13493/111
Sentenza nº 70 do 19 de maio de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 86/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada o 05/01/2021 desestimatoria sobre reclamación de responsabilidade patrimonial por danos sufridos a consecuencia dunha caída na rúa Teixugueiras.
Expte(s): 5947/243
Contía: 3.375,68 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso e confirma o acto administrativo municipal impugnado.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto e verificar a execución da resolución municipal confirmada (de estimación parcial, con imputación á contratista Althenia S.L.).

9.- Contencioso. Expediente nº 13494/111
Decreto nº 62 do 7 de maio de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 95/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 17/12/2020 desestimatoria do recurso de reposición interposto contra resolución sancionadora con multa por non identificar ao conductor.
Expte(s): 284230/280

Acepta a desistencia do demandante.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 13513/111
Sentenza nº 77 do 25 de maio de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 97/2021
Demandante/Recorrente: Particular



Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada o 31/07/2019, por danos causados en local a consecuencia de rotura de tubería.

Expte(s): 5983/243

Contía: 242,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

É de advertir que a concesionaria do servizo xa estimara parcialmente a reclamación con anterioridade, advertindo á C.P. do inmovible da necesidade de reparación das instalacións do edificio.

11.- Contencioso. Expediente nº 13520/111

Sentenza nº 119 do 3 de xuño de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 106/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de solicitude de 16/12/2020 de vacacións para o ano 2021.

Expte(s): 37364/220, 74967/212

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, por silencio administrativo positivo (RD 1777/1994) en materia de persoal, anulando a desestimación presunta e recoñecéndolle ao demandante o dereito a desfrutar das súas vacacións conforme ao solicitado. Os departamentos de Persoal e Seguridade-Policía deben coñecer o resolto e informar con urxencia sobre as bases normativas e procedencia dunha eventual apelación que este Servizo (polo exposto na "nota" que acompañamos) considera inviable, e temeraria.

12.- Contencioso. Expediente nº 13524/111

Auto nº 34 do 13 de maio de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 111/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 19/01/2021 desestimatoria de recurso de reposición contra resolución sancionadora en materia de tráfico de 16/11/2019.

Expte(s): 284378/280

Declara rematado o proceso por desistencia (incomparecencia á vista) da actora, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 13532/111

Sentenza nº 79 do 27 de maio de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 120/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Decreto ditado pola Concelleira Delegada da Área de Seguridade en expediente sancionador.

Expte(s): 284403/280

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, anula a sanción imposta, considera a infracción leve e declara aplicable a sanción de multa de 90 €.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto (substituíndo a sanción anulada pola xudicialmente resolta).

14.- Contencioso. Expediente nº 13538/111

Sentenza nº 77 do 27 de maio de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 100/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 19/01/2021 ditada pola Concelleira delegada da área de Seguridade, en expediente sancionador.

Expte(s): 284419/280

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción recorrida.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto, con anulación da sanción (e devolución do ingresado como indebido se fose o caso).

15.- Contencioso. Expediente nº 13540/111

Auto nº 27 do 4 de maio de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Extensión de efectos de sent. en materia tributaria: 129/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Solicitud de extensión de efectos da sentenza firme nº 32/2020 ditada no RCA nº 160/2019

Expte(s): 4495/550

Resolto, por sentenza nº. 32/2020 do 13-2-2020, o P.O. 160/2019, polo Xulgado do Contencioso- Administrativo nº 2 de Vigo, sobre as liquidacións tributarias anteriores á de autos, a demandante solicitou a extensión de efectos do art. 110 da LXC-A o Xulgado así o acordou, anulando por extensión de efectos da Sentenza nº.32/2020 o acto impugnado.

A Inspección de Tributos debe executar o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 13581/111

Decreto nº 14 do 1 de xuño de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 133/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta do recurso de reposición formulado contra a imposición de sanción por non identificar ao condutor.

Expte(s): 284790/280



Concello de Vigo

Acepta a desistencia do demandante ao ter sido estimado (o 15-3-2021) o seu recurso administrativo pendente.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto (e executar o acto administrativo estimatorio).

B/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 12625/111

Sentenza nº 245 do 19 de maio de 2021

Xulgado do Social nº 6 de Vigo

Ordinario: 366/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento da condición de persoal laboral fixo ou, subsidiariamente, indefinido non fixo do Concello de Vigo coa categoría de oficial de instalacións municipais dendo o 01/03/2011

Expte(s): 34753-220

Esta sentenza, que non é firme, estima a demanda coa súa pretensión principal e declara que o demandante ten a consideración de traballador fixo do Concello de Vigo, con antigüidade desde o 1-3-2011.

O parágrafo final do FD 2º, e o quinto do FD 3º, sintetizan a fundamentación (casuística) desta sentenza.

Solicitamos informes dos departamentos de Persoal e Deportes (e anunciamos cautelarmente a suplicación) sobre a procedencia e bases de recorrer en suplicación.

Lembramos o disposto, con vixencia indefinida, na DA 43 da L.6/2018 e a necesidade de levar a cabo un proceso de regularización das situacións laborais temporais prolongadas.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos,

atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(533).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE. EXPTE. 48997/446.

Visto o informe de fiscalización do 21/06/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada coa mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación:

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado do contrato de SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE VARANDA DE ACEIRO INOXIDABLE PARA O PASEO DAS ZONAS VERDES DE SAMIL, así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 16 de marzo de 2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 30 de abril de 2021.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 121.000,00€, que inclúe un IVE de 21.000,00€, o cal se imputará á partida 1710.6190003 “Recuperación de zonas verdes e P. Públicos”, do vixente orzamento 2021.

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 14 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Prezo unitario ml. valado aceiro inoxidable AISI 316L instalado
1	ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L.	238,85 €
2	LAPATIÁN, S.L.	247,38 €
3	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	251,50 €
4	HIRPANEL DEL NORTE, S.L.	258,64 €
5	FRANCISCO EIRAS IGLESIAS	261,60 €
6	OBRAS DECORACIÓN Y FRÍO, S.L.	280,55 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*

- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., o día 14 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida nas datas 15 e 16 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 11 de xuño de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1.** *“Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:*



Concello de Vigo

- *Sesión do 31 de maio de 2021: a Mesa acorda non admitir neste procedemento aos seguintes licitadores e polos seguintes motivos:*
 - *JUAN JOSÉ PACHECO REVUELTA (CARPINTERÍA METÁLICA INOXIDABLE) (por non emendar correctamente a documentación persoal)*
 - *GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL, S.L. (por non presentar a documentación requirida para a emenda da documentación persoal dentro do prazo concedido)*
 - *SIES, SERVICIOS, INSTALACIONES E INFRAESTRUCTURAS (por non presentar a documentación requirida para a emenda da documentación persoal dentro do prazo concedido)*

- *Sesión do 14 de xuño de 2021: a Mesa acorda excluír deste procedemento a PROVIAL MOBILIARIO URBANO, S.L.U. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade e non ter presentado a documentación requirida dentro do prazo concedido para o efecto.*

2. Adxudicar a ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de varanda de aceiro inoxidable (48.997-446) por un **prezo total de 121.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.000,00 euros, e cun prezo unitario do metro lineal de valado de aceiro inoxidable AISI 316L instalado de 238,85 euros (IVE incluído).**

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(534).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO SÉTIMO PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. EXPTE. 10182/307.

Visto o informe de fiscalización do 17/06/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada coa mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de abril de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DO VII PROGRAMA PARA ARROMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 26 de marzo de 2021.

3º.- Autorizar o gasto de DOUSCENTOS CORENTA E TRES MIL CENTO TRINTA E SEIS EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS (243.136,26 €) (con IVE) como orzamento base de licitación, con cargo á aplicación 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS do exercicio orzamentario vixente.

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 7 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	97,30 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*



Concello de Vigo

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 8 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 15 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor do 1 de xuño de 2021 e do acordo da Mesa de Contratación do 7 de xuño polo que se outorga á proposición avaliable mediante fórmula a máxima puntuación por ser o único licitador admitido.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras do sétimo programa para arrombar medianeiras

e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.182-307) por un prezo total de 206.228,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 35.791,67 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(535).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DOS PROXECTOS DE “MELLORA DOS FIRMES EN VIAIS DO RURAL. FASE II LOTE 1 VIGO NORTE, LOTE 2 VIGO LESTE E LOTE 3 VIGO SUR”(LOTE 3). EXPTE. 666/441.

Visto o informe de fiscalización do 17/06/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada coa mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de “Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur” (666-441) (lote 3)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de “Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur” (666-441) (lote 3)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 31 de marzo de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “MELLORA DE FIRMES EN VIAIS DO RURAL. FASE II. LOTE 1 NORTE. LOTE 2 ESTE. LOTE 3 SUR”, redactados polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Antonio J. Durán Maciñeira cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN TRESCENTOS MIL EUROS (1.000.000,00 €).



Concello de Vigo

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 05/03/2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN DE EUROS (1.000.000 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 173.553,72 €, e sendo o reparto por lotes o seguinte:

- Lote 1 Vigo Norte: CATROCENTOS VINTE E CATRO MIL CORENTA EUROS CON VINTE E CINCO CÉNTIMOS (424.040,25 €), cun IVE de 73.593,76 €.
- Lote 2 Vigo Este: TRESCENTOS NOVENTA E DOUS MIL CENTO NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (392.190,57 €), cun IVE de 68.066,13 €.
- Lote 3 Vigo Sur: CENTO OITENTA E TRES MIL SETECENTOS SESENTA E NOVE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (183.769,18 €), cun IVE de 31.893,82 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.2100004 (PLAN RENV. FIRMES PARROQUIAS, DEPUTACIÓN), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	1.000.000,00 €
TOTAL	1.000.000,00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 deste procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de “Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur” (666-441) na seguinte orde descendente:

- Lote 1 Vigo Norte:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	92,55
2	NAROM, S.L.	92,37
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	89,17
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	89,07

- Lote 2 Vigo Leste

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	94,21
2	NAROM, S.L.	93,27

3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	92,43
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	91,06

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) (lotes 1 e 2), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 10 de xuño de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de “Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur” (666-441) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote 1 é de 327.613,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 56.858,54 euros.*
- b) O prezo total do lote 2 é de 303.712,37 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 52.710,41 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

Cuarto.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 28 de maio de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a NAROM, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que presentara xustificación ningunha dentro do prazo concedido para o efecto.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de “Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur” (666-441) na seguinte orde descendente:



Concello de Vigo

	Licitadores	Puntuación total
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	96,55
3	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	93,11
4	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	91,78

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 3, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) xa consta presentada para os lotes 1 e 2.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., o día 11 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 15 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 18 de maio e 7 de xuño de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861) o lote 3 do procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de “Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur” (666-441) por un prezo total de 146.464,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.419,38 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(536).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA POMBA”. EXPTE. 644/441.

Visto o informe de fiscalización do 21/06/21, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada coa mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Construcción de beirarrúas no Camiño da Pomba” (644-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de "Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba" (644-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de novembro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NO CAMIÑO DA POMBA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Francisco José Fidalgo Longueira cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CINCUENTA E TRES MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (153.342,33 €), con sinatura dixital de data 12/05/2018.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 9 de outubro 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO CINCUENTA E TRES MIL TRESCENTOS CORENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS (153.342,33 €) sendo o importe correspondente ao IVE de 26.613,13 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.06 (PLAN DE BEIRARRÚAS, COFINANCIADO DEPUTACIÓN).

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2021 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- *Sesión do 13 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por non cumprir a forma na que debe presentarse a documentación esixida na cláusula 14.1 do PCAP. Segundo indica a plataforma de Contratos do Sector Público o licitador elixiu como forma de presentación a pegada electrónica pero este documento non foi presentado por ningún dos medios previstos na citada cláusula dentro do prazo nela indicado.*

- *Sesión do 18 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar.*

Segundo.- Excluir deste procedemento a ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada, consonte o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos – FEDER Vigo Vertical e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 20 de maio de 2021.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Construcción de beirarrúas no Camiño da Pomba” (644-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	93,81
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	93,21
3	CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,43
4	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	90,31
5	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	66,71

Cuarto.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., o día 4 de xuño de 2021, que presenta a documentación requirida o 15 de xuño, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 17 de xuño de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da



Concello de Vigo

documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 5 de abril e 21 de maio de 2021, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:*
 - *Sesión do 13 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L. por non cumprir a forma na que debe presentarse a documentación esixida na cláusula 14.1 do PCAP. Segundo indica a plataforma de Contratos do Sector Público o licitador elixiu como forma de presentación a pegada electrónica pero este documento non foi presentado por ningún dos medios previstos na citada cláusula dentro do prazo nela indicado.*
 - *Sesión do 18 de xaneiro de 2021: acórdase non admitir a DESMACO, S.L.U. por ter presentado a documentación para emenda (DEUC) sen asinar.*
2. *Tomar razón da resolución adoptada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2021, de exclusión de ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados sen que se cumpran os requisitos para considerala xustificada.*

- 3. Adxudicar a PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678) o procedemento aberto para a contratación das obras de “Construción de beirarrúas no Camiño da Pomba” (644-441) por un prezo total de 125.434,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.769,54 euros.**

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(537).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA DA INFANCIA (SADI). EXPTE. 6626/241.

O presente asunto retírase da orde do día.

10(538).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DOS LOTES 2 E 3 DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN NÁUTICO E MARIÑEIRO 2019. EXPTE. 6627/241.

Visto o informe de fiscalización do 22/06/21, dáse conta do informe-proposta do 21/06/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de programación e execución dos campamentos (PCAP)



Concello de Vigo

- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 17 de abril de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro (expediente 8814-336).

Segundo.- O 4 de xuño de 2019 a XGL acordou:

“(…) Adxudicar a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336) coas seguintes condicións:

- Lote 1 VERÁN NÁUTICO I:

- a) O prezo total do lote 1 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

- Lote 2 VERÁN NÁUTICO II:

- a) O prezo total do lote 2 é de 33.942,70 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.085,7 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.
- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.

- Lote 3 VERÁN MARIÑEIRO:

- a) O prezo total do lote 2 é de 23.126,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 2.102,04 euros.
- b) Non propón a realización de saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.

- c) 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT”.

Este contrato formalizouse en data 28 de xuño de 2019 e entraron en vigor ao día seguinte.

Terceiro.- O prazo deste contrato é dun ano e prevense catro prórrogas dun ano de duración cada unha. Na actualidade foi obxecto das seguintes prórrogas:

- 1ª prórroga: aprobada pola XGL o 14/05/2020 (expediente: 9064-336)
- 2ª prórroga: aprobada pola XGL o 06/05/2021 (expediente: 9219-336)

Cuarto.- En data 14 de xuño de 2021 a xefa do servizo de Xuventude solicita o inicio dun expediente de modificación dos lotes 2 e 3 deste contrato por mor do incremento de custes de persoal orixinado polo cumprimento das medidas impostas pola normativa do COVID.

Quinto.- Con data do 14 de xuño de 2021 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato.

Sexto.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este durante o prazo conferido ao efecto manifestou a súa conformidade á modificación proposta.

Sétimo.- En data 17 de xuño a xefa do servizo de Xuventude corrixe o seu informe para adaptalo á ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. No mesmo aclara que *“A presente orde non contradí ao recollido na anterior orde do 28 de maio de 2021 que se recollía no anterior informe deste servizo xestor, posto que mantén o traballo con grupos burbulla de 10 nenos e nenas/monitor, razón pola que non afecta ao incremento de monitores proposto na presente modificación de contrato, podendo manterse o trámite de audiencia realizado coas empresas adxudicatarias do mesmo”*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación non contempla a modificación do contrato (apartado 15 do Anexo I -FEC-), polo que cómpre analizar se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 205 da LCSP.

Nestes supostos as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 206 da LCSP).

Establece o citado artigo 205, que as modificacións non previstas no PCAP só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Segundo o apartado 2 do mesmo artigo, os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

- a) Cando devíñera necesario engadir obras, subministros ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os dous requisitos contemplados na LCSP
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobreenvidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.

- c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Á vista do previsto no artigo 205 da LCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 2b *“Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”*.

En efecto, o informe emitido pola xefa do Servizo de Xuventude o 17 de xuño de 2021 motiva a necesidade de modificar o contrato na situación de crise derivada da pandemia do COVID-19, que implica a necesidade de *“ realizar reaxustes que permitan o desenvolvemento da actividade de campamentos de verán, necesarios para a conciliación da vida socio-laboral das familias viguesas, nas condicións sanitarias adecuadas e que garantan o minimizar riscos cara a unha prevención no ámbito da saúde e integridade física dos/das menores participantes e do equipo profesional que deles se encargue, como é o distanciamento social recomendado polas autoridades sanitarias neste momento, segundo se establece na ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no apartado 3.26. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil establece que:*

“Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao setenta por cento da súa capacidade máxima, cun máximo de cento vinte participantes, excluídos os monitores cando estas actividades se realicen ao aire libre

Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o setenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, excluídos o persoal monitor.

As actividades poderán realizarse en ambos supostos en grupos de ata dez participantes, excluíndo o persoal monitor correspondente, que deberán traballar sen contacto cos demais grupos. Cada grupo terá asignado , cando menos un monitor que se relacionará sempre co mesmo grupo...”

En base á necesidade de traballar en todo momento da actividade con grupos de 10 nenos e nenas/ monitor é necesario modificar os contratos dos LOTES 2 e 3 para que de acordo co persoal exixido no PPT e nas ofertas presentadas polas empresas adxudicatarias, se cumpran en todo momento as necesidades recollidas na ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a rateo 1 monitor/a / 10 nenos/as.”

O citado informe determina o persoal e os participantes en cada un dos lotes. Así:

- Lote 2: ten 4 quendas de 80 participantes (320 participantes). O persoal por cada quenda é o seguinte (10):



Concello de Vigo

- 1 coordinador/a, Director/a de tempo libre(xornada completa)
 - 2 monitores/as, con titulación de monitor/a de tempo libre(xornada completa)
 - 6 monitores/as específicos con formación en actividades náuticas(media xornada)
 - 1 socorrista/persoal sanitario (media xornada)
- Lote 3: ten 4 quendas de 50 participantes (200 participantes). O persoal por cada quenda é o seguinte (6):
- 1 coordinador/a, Director/a de tempo libre(xornada completa)
 - 2 monitores/as, con titulación de monitor/a de tempo libre(xornada completa)
 - 2 monitores/as específicos con formación en actividades náuticas(media xornada)
 - 1 socorrista/persoal sanitario (media xornada)

Para cumprir coa normativa derivada do COVID é preciso incrementar este persoal do seguinte xeito:

- Lote 2: 2 monitores a xornada completa 7.025,04 € (20,70%).
- Lote 3: 1 monitor a xornada completa 3.512,52 € (15,19%).

Polo tanto, a modificación proposta consiste no incremento de monitores para os citados lotes.

Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever:

A nova situación xerada polo COVID-19 constitúe unha circunstancia sobrevida e imprevisible que no momento no que tivo lugar a licitación do contrato non se puido prever, e que comporta a adopción de novas medidas na prestación do contrato reflectidas nunha norma autonómica, a ORDE do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia,

2. A modificación non altera a natureza global do contrato:

Os aspectos a modificar consisten no incremento do número de monitores para poder traballar con grupos de 10 nenos e nenas/ monitor e así cumprir coa citada orde, que establece unha ratio de 1 monitor/a / 10 nenos/as”.

3. A modificación do contrato implica unha alteración que na súa contía non excede do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído. No presente caso a modificación representa un incremento do prezo dun 20,70% no caso do lote 2 e dun 15,19 % no caso do lote 3. Será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado trámite de audiencia ao contratista, este manifesta a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: manter, coas máximas garantías desde o punto de vista sanitario, a prestación dun servizo dirixido a nenos/as de 4 a 17 anos de idade, cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar, o fomento da participación infantil-xuvenil, a oferta de alternativas de ocio e tempo libre, a promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o seu desenvolvemento integral a través da realización de diferentes actividades nos meses de vacacións de verán.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón un incremento do prezo do contrato, é preciso compensar ao contratista por este importe.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.



Concello de Vigo

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso especial en materia de contratación, no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da súa publicación no perfil de contratante deste Concello, consonte ao disposto no artigo 44 e seguintes da LCSP.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, interpoñendo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira delegada de Contratación, segundo acordo de data 20 de xuño de 2019.

-VII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificación dos lotes 2 e 3 do contrato dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán náutico e mariñeiro 2019 (8.814-336), adxudicados a TIERRA Y MAR MULTIAVENTURA, S.L., nos seguintes termos:

- *Lote 2: engadir 2 monitores a xornada completa, que supón un incremento do prezo do contrato de 7.025,04 € (20,70%).*
- *Lote 3: engadir 1 monitor a xornada completa, que supón un incremento do prezo do contrato de 3.512,52 € (15,19%).*

2º.- A modificación imputarase á aplicación orzamentaria 3370.227.99.12.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(539).- MODIFICACIÓN DOS LOTES 4,5 E 6 DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DOS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019. EXPTE. 6625/241.

Visto o informe de fiscalización do 22/06/21, dáse conta do informe-proposta do 21/06/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, pola concelleira-delegada de Área e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)



Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 28 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de maio de 2019 acordou:

“Adxudicar á UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CER-QUIÑO S. COOP. GALEGA o lote 6 “Verán con temáticas ecolóxicas/medio ambientais” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do lote é de 16.912,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.537,49 euros.*
- b) Propón a realización de 1 saída e excursión con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c) Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT”.*

Este contrato formalizouse en data 13 de xuño de 2019 e comezou a súa execución o día seguinte.

Terceiro.- En data 23 de maio de 2019, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) os lotes 4 e 5 do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) coas seguintes condicións:

Lote 4 Verán na praia I:

- a) O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*

- b)** *Propón a realización de 4 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c)** *Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

Lote 5 *Verán na praia II:*

- a)** *O prezo total do lote é de 18.568,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.688,00 euros.*
- b)** *Propón a realización de 4 saídas e excursións con desprazamento en autobús discrecional ou barco.*
- c)** *Propón 1 persoa con formación específica para a atención aos nenos e nenas con necesidades educativas especiais a maiores do persoal segundo o previsto no PPT.*

Estes contratos formalizáronse o 28 de xuño de 2019 e comezou a súa execución o día seguinte.

Cuarto.- En data 29 de maio de 2020, a XGL acordou:

- “1.- Modificar o lote 10 “Campamento con pernocta en Vigozoo” do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) nos termos que constan no informe da xefa do Servizo de Xuventude de data 20 de maio de 2020. A modificación supón unha diminución do importe total do contrato de 2.044,33 euros (IVE incluído) (-5,53% do prezo do contrato).*
- 2.- Minorar o crédito autorizado e comprometido no importe de 2.044,33 euros (IVE incluído) na aplicación orzamentaria 3370.227.99.12.*
- 3.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, iniciaranse os trámites pertinentes para devolver ao contratista a parte proporcional da garantía definitiva depositada no expediente 8.752-336 (nº de operación 800104639).*
- 4.- Publicar este acordo no perfil de contratante.*
- 5.- Formalizar por escrito esta modificación”.*

Quinto.- O prazo deste contrato é dun ano e prevense catro prórrogas dun ano de duración cada unha. Na actualidade foi obxecto das seguintes prórrogas:

- Lotes 4 e 5:

1ª prórroga: aprobada pola XGL o 28/05/2020 (expediente: 9058-336)

2ª prórroga: aprobada pola XGL o 22/04/2021 (expediente: 9197-336)

- Lote 6:

1ª prórroga: aprobada pola XGL o 28/05/2020 (expediente: 9058-336)

2ª prórroga: aprobada pola XGL o 22/04/2021 (expediente: 9197-336)



Concello de Vigo

Sexto.- En data 14 de xuño de 2021 a xefa do servizo de Xuventude solicita o inicio dun expediente de modificación dos lotes 4, 5 e 6 deste contrato por mor do incremento de custes de persoal orixinado polo cumprimento das medidas impostas pola normativa do COVID.

Sétimo.- Con data do 14 de xuño de 2021 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato.

Oitavo.- Evacuado trámite de audiencia aos contratistas, estes durante o prazo conferido ao efecto manifestaron a súa conformidade á modificación proposta.

Noveno.- En data 17 de xuño a xefa do servizo de Xuventude corrixe o seu informe para adaptalo á ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia. No mesmo aclara que *“A presente orde non contradí ao recollido na anterior orde do 28 de maio de 2021 que se recollía no anterior informe deste servizo xestor, posto que mantén o traballo con grupos burbulla de 10 nenos e nenas/monitor, razón pola que non afecta ao incremento de monitores proposto na presente modificación de contrato, podendo manterse o trámite de audiencia realizado coas empresas adxudicatarias do mesmo”*.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a *ecuantía es superior a 2.400.000 euros e inferior o igual a cinco millones de euros*.ste contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e

114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

O prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación non contempla a modificación do contrato (apartado 15 do Anexo I -FEC-), polo que cómpre analizar se a modificación proposta encaixa nos supostos de modificacións non previstas contemplados no artigo 205 da LCSP.

Nestes supostos as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para o contratista cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído (artigo 206 da LCSP).

Establece o citado artigo 205, que as modificacións non previstas no PCAP só poderán realizarse cando a modificación cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación nalgún dos supostos que se relacionan no apartado segundo do citado artigo 205.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Segundo o apartado 2 do mesmo artigo, os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro deste artigo, son os seguintes:

- a) Cando deviñera necesario engadir obras, subministrados ou servizos adicionais aos inicialmente contratados, sempre e cando se dean os dous requisitos contemplados na LCSP
- b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato, sempre e cando se cumpran as tres condicións seguintes:
 - 1. Que a necesidade da modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever.
 - 2. Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
 - 3. Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído.
- c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a súa necesidade, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Á vista do previsto no artigo 205 da LCSP, a modificación obxecto deste informe ten encaixe no apartado 2b *“Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de circunstancias sobrevenidas e que foran imprevisibles no momento no que tivo lugar a licitación do contrato”*.

En efecto, o informe emitido pola xefa do Servizo de Xuventude o 17 de xuño de 2021 motiva a necesidade de modificar o contrato na situación de crise derivada da pandemia do



Concello de Vigo

COVID-19, que implica a necesidade de “realizar reaxustes que permitan o desenvolvemento da actividade de campamentos de verán, necesarios para a conciliación da vida socio-laboral das familias viguesas, nas condicións sanitarias adecuadas e que garantan o minimizar riscos cara a unha prevención no ámbito da saúde e integridade física dos/das menores participantes e do equipo profesional que deles se encargue, como é o distanciamento social recomendado polas autoridades sanitarias neste momento, segundo se establece na ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, no apartado 3.26. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil establece que:

“Poderanse realizar actividades de tempo libre destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao aire libre, sempre que se limite o número de participantes ao setenta por cento da súa capacidade máxima, cun máximo de cento vinte participantes, excluídos os monitores cando estas actividades se realicen ao aire libre

Cando estas actividades se realicen en espazos pechados, non se deberá superar o setenta por cento da capacidade máxima do recinto, cun máximo de cincuenta participantes, excluídos o persoal monitor.

As actividades poderán realizarse en ambos supostos en grupos de ata dez participantes, excluíndo o persoal monitor correspondente, que deberán traballar sen contacto cos demais grupos. Cada grupo terá asignado , cando menos un monitor que se relacionará sempre co mesmo grupo...”

En base á necesidade de traballar en todo momento da actividade con grupos de 10 nenos e nenas/ monitor é necesario modificar os contratos dos LOTES 4, 5 e 6 para que de acordo co persoal exixido no PPT e nas ofertas presentadas polas empresas adxudicatarias, se cumpran en todo momento as necesidades recollidas na ORDE do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, sendo a rateo 1 monitor/a / 10 nenos/as.

No caso dos contratos correspondentes aos LOTES 4 e 5 de verán na praia, é necesario incrementar a xornada completa o persoal socorrista para poder manter os grupos burbulla de 10 nenos e nenas, que realizarán desprazamentos á praia ao longo de toda a mañá, que por necesidade de distanciamento de grupos é necesario separar e distribuír en toda a xornada aos 5 grupos de 10 participantes, coa correspondente vixilancia por parte do persoal socorrista na praia durante toda a xornada.

No caso do contrato correspondente ao LOTE 6 é necesario incrementar 1 monitor a xornada completa.”

O citado informe determina o persoal e os participantes en cada un dos lotes. Así:

- Lote 4: ten 4 quendas de 50 participantes (200 participantes). O persoal por cada quenda é o seguinte (6):

- 1 coordinador/a, Director/a de tempo libre(xornada completa)
- 4 monitores/as, con titulación de monitor/a de tempo libre(xornada completa)
- 1 monitor/a socorrista/persoal sanitario (media xornada)

- Lote 5: ten 4 quendas de 50 participantes (200 participantes). O persoal por cada quenda é o seguinte (6):

- 1 coordinador/a, Director/a de tempo libre(xornada completa)
- 4 monitores/as, con titulación de monitor/a de tempo libre(xornada completa)
- 1 monitor/a socorrista/persoal sanitario (media xornada)

- Lote 6: ten 3 quendas de 65 participantes (195 participantes). O persoal por cada quenda é o seguinte (7):

- 1 coordinador/a, Director/a de tempo libre(xornada completa)
- 4 monitores/as, con titulación de monitor/a de tempo libre(xornada completa)
- 2 monitor/a con formación na temática específica da actividade(media xornada).

Para cumprir coa normativa derivada do COVID é preciso incrementar este persoal do seguinte xeito:

- Lote 4: 1 socorrista/persoal sanitario a media xornada (MX), que supón un incremento do prezo do contrato de 1.756,26 € (9,46%).
- Lote 5: 1 socorrista/persoal sanitario a media xornada (MX), que supón un incremento do prezo do contrato de 1.756,26 € (9,46%).
- Lote 6: 1 monitor a xornada completa 2.634,39€ (15,58%).

Concorren neste caso as tres condicións esixidas legalmente:

1. A necesidade da modificación derívase de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever:

A nova situación xerada polo COVID-19 constitúe unha circunstancia sobrevida e imprevisible que no momento no que tivo lugar a licitación do contrato non se puido prever, e que comporta a adopción de novas medidas na prestación do contrato reflectidas nunha norma autonómica, a ORDE do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia,

2. A modificación non altera a natureza global do contrato:

Os aspectos a modificar consisten no incremento do número de monitores e socorristas para poder traballar con grupos de 10 nenos e nenas/ monitor e así cumprir coa citada orde, que establece unha rateo de 1 monitor/a / 10 nenos/as”””.

3. A modificación do contrato implica unha alteración que na súa contía non excede do 50% do seu prezo inicial, IVE excluído. No presente caso a modificación representa un incremento do prezo dun 9,46% no caso dos lotes 4 e 5 e dun 15,58% no caso do lote 6. Hai que ter en conta que este contrato xa foi modificado, como se relatou nos antecedentes, máis a modificación non afectou a ningún destes lotes, senón o lote 10. A modificación será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).



Concello de Vigo

- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado trámite de audiencia aos contratistas, estes manifestan a súa conformidade coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: manter, coas máximas garantías desde o punto de vista sanitario, a prestación dun servizo dirixido a nenos/as de 4 a 17 anos de idade, cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar, o fomento da participación infantil-xuvenil, a oferta de alternativas de ocio e tempo libre, a promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o seu desenvolvemento integral a través da realización de diferentes actividades nos meses de vacacións de verán.

Respecto dos límites económicos, dado que a modificación supón un incremento do prezo do contrato, é preciso compensar ao contratista por este importe.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

De conformidade co artigo 153.3 da LCSP, ao tratarse dun procedemento sometido a recurso especial en materia de contratación (apartado 1J do Anexo I -FEC- do PCAP) a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles desde que se remita a notificación da súa aprobación ao contratista.

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso especial en materia de contratación, no prazo dos quince días hábiles seguintes ao da súa publicación no perfil de contratante deste Concello, consonte ao disposto no artigo 44 e seguintes da LCSP.

Así mesmo poderá ser impugnado na vía xurisdiccional contencioso-administrativa, interpoñendo recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa publicación, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

A competencia para o inicio do procedemento de modificación está delegada na concelleira delegada de Contratación, segundo acordo de data 20 de xuño de 2019.

-VII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



Concello de Vigo

“1º.- Modificar os lotes 4,5 e 6 do contrato dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336), adxudicados a DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) (lotes 4 e 5) e a UTE XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lote 6), nos seguintes termos:

- *Lote 4: engadir 1 socorrista/persoal sanitario a media xornada (MX), que supón un incremento do prezo do contrato de 1.756,26 € (9,46%).*
- *Lote 5: engadir 1 socorrista/persoal sanitario a media xornada (MX), que supón un incremento do prezo do contrato de 1.756,26 € (9,46%).*
- *Lote 6: engadir 1 monitor a xornada completa, que supón un incremento do prezo do contrato de 2.634,39€ (15,58%).*

2º.- A modificación imputarase á aplicación orzamentaria 3370.227.99.12.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(540).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO ESPECIAL CONTRA A ADXUDICACIÓN DO LOTE 3 DA CONTRATACIÓN PARA A ADQUISICIÓN DE DIVERSO MATERIAL NECESARIO PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DE COVID-19 POR EXPOSICIÓN A CORONAVIRUS SARS-COV-2 DO PERSOAL MUNICIPAL. EXPTE. 6527/241.

Dáse conta da proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación, de data 21/06/21, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 125/2021 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 111/2020, interposto por QUÍMICA FÁCIL, S.L. contra a adxudicación do lote 3 do procedemento aberto para a adquisición de diverso material necesario para reducir o risco de contaxio de COVID-19 por exposición a coronavirus SARS-CoV-2 do persoal municipal, expediente 6527-241 . Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto por QUÍMICA FÁCIL, S.L. contra a adxudicación do lote 3 da contratación para a adquisición de diverso material necesario para reducir o risco de contaxio de COVID-19 por exposición a coronavirus SARS-CoV-2 do persoal municipal, expediente 6527-241 do Concello de Vigo.

2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(541).- RETROACCIÓN DE ACTUACIÓNS DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE GASÓLEO C PARA OS PARQUES DE SERVIZO DE BOMBEIROS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6359/213.

Dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación realizada o 21/06/21, que di o seguinte:

1.- Incidencias (RETROACCIÓN ACTUACIÓNS)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de maio de 2021 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 7 de maio de 2021, rematando o prazo de presentación de ofertas o 24 do mesmo mes.



Concello de Vigo

Terceiro.- Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación con data do 27 de maio de 2021 procedeu á apertura do sobre que contén a documentación persoal e a proposición avaliable mediante fórmula e acordou, á vista da documentación presentada, *“conceder un prazo de tres días aos tres licitadores presentados para que poidan emendar a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:*

- *CODISOIL, S.A.: deberá presentar un novo DEUC porque o presentado está incompleto (só constan as páxinas impares) e non se pode comprobar se concorre con solvencia de terceiros (parte II), se cumpre ou non todos os motivos de exclusión (parte III) así como os criterios de selección (parte IV). Así mesmo, deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I -FEC-.*
- *ESERGUI DISTESER, S.L.: deberá presentar un novo DEUC porque no presentado non consta que posúa a habilitación profesional esixida no PCAP. Para os efectos de facilitarlle a cumprimentación deste documento indícase que pode declarar esta circunstancia respondendo afirmativamente á pregunta da parte IV “Respecto a los criterios de selección, el operador económico declara que: Cumple todos los criterios de selección requeridos”.*
- *GASÓLEOS AMIGO, S.L.: deberá presentar o Anexo II esixido na cláusula 14.2A e apartado 6B do Anexo I -FEC-”.*

Rematado o prazo concedido para a emenda da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos, **ningún dos licitadores presentou documentación, polo que a Mesa, na sesión do 7 de xuño de 2021, acordou por unanimidade, “non admitir neste procedemento a CODISOIL, S.A., ESERGUI DISTESER, S.L. e GASÓLEOS AMIGO, S.L. por non ter emendado a documentación persoal dentro do prazo concedido para o efecto”.**

Cuarto.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de xuño de 2021 adoptou o seguinte acordo:

“Declarar deserto o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) porque a Mesa de Contratación acordou non admitir a ningún dos licitadores presentados por non ter emendado a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dentro do prazo concedido para o efecto”.

Este acordo foi publicado no perfil de contratante e notificado aos interesados o 11 de xuño de 2021.

Quinto.- Tras a publicación e notificación deste acordo aos interesados, o 11 de xuño de 2021 recibíuse no Servizo de Contratación correos electrónicos remitidos por ESERGUI DISTESER, S.L e GASÓLEOS AMIGO, S.L. nos que achegaban xustificantes de entrega da documentación requirida dentro do prazo concedido. Así mesmo, GASÓLEOS AMIGO, S.L.

presenta novamente con data do 14 de xuño de 2021 a documentación xa remitida en prazo o 31 de maio así como o xustificante do Rexistro de presentación da documentación.

Sexto.- Previa solicitude polo Servizo de Contratación, con data do 16 de xuño, o técnico medio de Sistemas e o xefe do Servizo de Administración Electrónica emiten o seguinte informe:

“Segundo consta nas nosas bases de datos municipais, informamos que:

- A solicitude con código W556049-8669 presentada pola empresa GASOLEOS AMIGO SL con CIF B36736049, foi presentada través da sede electrónica do Concello de Vigo e selada mediante o selo electrónico de Rexistro Xeral o día 31/05/2021 ás 15:36:54.

- A solicitude con código W556124-3452 presentada pola empresa ESERGUI DISTESER SL con CIF B95799664, foi presentada través da sede electrónica do Concello de Vigo e selada mediante o selo electrónico de Rexistro Xeral o día 31/05/2021 ás 18:14:35.

- A solicitude con código W557064-6550 presentada pola empresa CODISOIL SA con CIF A79322947, foi presentada través da sede electrónica do Concello de Vigo o día 02/06/2021 ás 11:47:38.

Por motivos de actualización e implantación de novos procesos da Sede Electrónica do Concello de Vigo, aconteceu un erro que consistiu en que as solicitudes Web rexistradas non foron transferidas ó sistema de Xestión de Expedientes Municipais nas datas indicadas”.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 21 de xuño de 2021 aceptou por unanimidade o informe emitido polo técnico medio de Sistemas e o xefe do Servizo de Administración Electrónica o 16 de xuño.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Corresponde á Mesa de Contratación tanto a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos aos que se refiren os artigos 140 y 141, e a exclusión, no seu caso, dos candidatos ou licitadores que non acrediten dito cumprimento, previo trámite de emenda (artigo 326.2a da LCSP), como a proposta para declarar deserta a licitación (artigo 22.1g do RLCSP).

Téndose constatado polo Servizo de Administración Electrónica que os tres licitadores presentados á licitación presentaron documentación dentro do prazo concedido pero *“Por motivos de actualización e implantación de novos procesos da Sede Electrónica do Concello de Vigo, aconteceu un erro que consistiu en que as solicitudes Web rexistradas non foron transferidas ó sistema de Xestión de Expedientes Municipais nas datas indicadas”*, constátase, á súa vez, o erro no acordo da Mesa de Contratación na sesión do 7 de xuño de 2021 sobre non admisión dos tres licitadores presentados por no presentar a



Concello de Vigo

documentación requirida en prazo e da proposta formulada ao órgano de contratación para declarar deserta a licitación por este motivo.

En base ao anterior, procede retrotraer o procedemento ao momento de cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos sen que en ningún caso se poida ver comprometida a imparcialidade e obxectividade do órgano de contratación posto que unicamente procede comprobar se os licitadores emendaron correctamente a documentación requirida e, posteriormente, valorar as proposicións avaliábeis mediante fórmula abertas na mesma sesión que a documentación persoal ao tratarse dun procedemento aberto simplificado no que unicamente se valoran criterios avaliábeis mediante fórmula.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Retrotraer o procedemento aberto simplificado para a contratación de subministro de gasóleo C para os parques de servizo de bombeiros do Concello de Vigo (6.359-213) ao momento da cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos ao terse informado polo Servizo de Administración Electrónica que os tres licitadores presentados a esta licitación presentaron documentación dentro do prazo concedido pero por motivos de actualización e implantación de novos procesos da Sede Electrónica do Concello de Vigo, aconteceu un erro que consistiu en que as solicitudes Web rexistradas non foron transferidas ao sistema de Xestión de Expedientes Municipais nas datas indicadas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(542).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA. EXPTE. 4145/611.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 17/06/21, dáse conta do informe-proposta

I.- ANTECEDENTES.

Con data 14 de abril de 2021, o concelleiro delegado de Deportes, ditou orden de inicio de expediente para a “CONTRATACION DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA.”

No expediente inclúense os seguintes documentos:

1. A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato de data 13 de abril de 2021 á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector

Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente.

2. A resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 14 de abril de 2021.
3. Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 22 de abril de 2021, corrixido con data 26 de maio de 2021.
4. Memoria xustificativa, de 22 de abril de 2021, corrixida con data 26 de maio de 2021, asinada polo xefe do servizo de deportes-director deportivo e polo concelleiro-delegado de Deportes, relativa aos seguintes extremos:
 - ▣ A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - ▣ Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - ▣ Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - ▣ Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - ▣ Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - ▣ Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - ▣ Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - ▣ Xustificación da elección dos criterios de adjudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - ▣ Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - ▣ Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67.5.f e 67.7.e RLCAP)
5. Memoria económica do contrato, asinada polo xefe do servizo de deportes-director deportivo o 19 de abril de 2021 e polo concelleiro-delegado de Deportes o 20 de abril de 2021.
6. Informe asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a xefa do servizo de Contratación sobre comprobación dos documentos esixidos pola normativa para a tramitación do contrato do 27 de maio de 2021.
7. Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación de data 27 de maio de 2021.

II.- CONDICIÓN S DEFINITORIAS DO CONTRATO.

1º.- OBXECTO:

Subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables, dous deles con marcador de posesión, para o pavillón municipal de Navia.



Concello de Vigo

1.1.-Necesidades a satisfacer

O presente contrato atópase vinculado as competencias propias previstas no art. 25.2 l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "Promoción del deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre".

En relación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (artigo 28 da lei 9/2017, de 8 de novembro, Lei de Contratos do Sector Público, no sucesivo LCSP), así como os aspectos relacionados coa natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato. Ó obxecto definir as condicións técnicas para o desenvolvemento do subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o pavillón municipal de Navia segundo as normas e requirimentos mínimos da Federación Española de Baloncesto xa que o obxecto da instalación destes equipamentos é permitir o desenvolvemento de competicións oficiais de carácter federado. A contratación do equipamento faise necesario para optimizar o uso do pavillón municipal de Navia, multiplicando as posibilidades de adestramento e competición e a súa calidade, en relación cos obxectivos da Concellería de deportes, entre os que se atopa a mellora dos equipamentos e infraestruturas municipais, dinamizando paralelamente o fomento do seu uso por parte do tecido socio deportivo da cidade.

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de subministro, previsto no artigo 16, da LCSP, Lei 9/2017, de 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

1.2.-Lotes

Con relación ao obxecto do contrato, non procede a súa división en lotes en cumprimento ao establecido no artigo 99.3.b) da LCSP dada a necesidade de que os equipamentos cumpran de forma homoxénea unhas características comúns tanto a nivel comportamento deportivo como no ámbito da eficiencia no seu manexo técnico por parte do persoal municipal responsable da instalación.

2º.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

Tendo en conta o obxecto do contrato, propónse a tramitación do presente expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado art. 159 da LCSP, e por tramitación ordinaria con cargo o orzamento do ano 2021 da Concellería de deportes, polo que non precisa de mais xustificación.

3º.- Prezo do contrato e xustificación:

a) Prezo do contrato

O prezo do contrato é certo segundo o previsto no artigo 102.4 da LCSP, aboándose ao contratista en función da prestación realmente executada e formulándose en termos de prezo aplicable a tanto alzado a totalidade do ben a subministrar e a súa instalación. No prezo se entenderá incluído o importe a aboar en concepto de IVE, indicándose como partida independente.

O prezo é, así mesmo, axeitado para o efectivo cumprimento do contrato de acordo cos prezos do mercado.

No presente suposto, tal e como xa se indicou, trátase dun contrato de subministro regulado no artigo 16 da LCSP, que ten por obxecto a adquisición dun ben moble. En consecuencia e de conformidade co establecido no artigo 102.4 o prezo do contrato formularase en termos de prezo a tanto alzado á totalidade tendo en conta que o obxecto deste contrato consiste na adquisición dun único ben a subministrar e a instalación e entrega nun momento único.

O prezo máximo do contrato para a adquisición do subministro e instalación do equipamento fíxase en **60.000,00** euros con IVE, sendo o IVE 10.413,22 euros.

Orzamento sen IVE	49.586,78 €
IVE 21%	10.413,22 €
Orzamento base de licitación con IVE	60.000,00 €

Valor estimado	49.586,78 €
-----------------------	--------------------

Xustificación do prezo.

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando os datos obtidos en base a datos de contratacións anteriores do propio servizo de deportes e a revisión de prezos de licitacións similares en distintas administracións: sendo o desglose 50.200,00 euros custo subministro e 9.800,00 euros custos de transporte e instalación.

4º.- Revisión de prezos.

O presente contrato non será obxecto de revisión de prezos.

5º.- Financiamento do contrato e xustificación de que cumpre os principios de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 7 de abril

Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012 de 7 de abril.



Concello de Vigo

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo incluídos na aplicación orzamentaria 3420.6290000 “Equipamento deportivo das instalacións”, e o proxecto “Subministro e inst. 3 xogos de canastras monotubo elebables de baloncesto parra o pavillón de Navia” nº 21342001. O contrato entrará en vigor a partir da sinatura do contrato.

O gasto proposto, establécese de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exigencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro da capacidade de xestión dos créditos previstos no orzamento do ano 2021 dentro do programa orzamentario “3420” do Concello de Vigo. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución da prestación dun servizo delimitado e de carácter finalista para o Concello.

6º.- Prazo de contrato e prórroga

O prazo de contratación será a contar dende a data de formalización do contrato, sendo o tempo máximo estimado de entrega e instalación do equipamento de 10 semanas. Podería ampliarse este prazo en caso circunstancias excepcionais debidamente acreditadas e apreciadas/valoradas polo responsable do contrato, tales como avarías durante o proceso produtivo, inclemencias meteorolóxicas no caso do transporte ou semellantes.

Non se contemplan prórrogas.

Xustificación do prazo

Tendo en conta o ben a subministrar polo adxudicatario, fíxase o prazo de execución máis axeitado, suficiente para conquistar unha entrega do ben eficaz, sen que se dilate máis alá do estritamente necesario e nin que sexa tan curto que orixine problemas na entrega do ben.

7º.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.A das FEC se determinen outros distintos:

- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual o superior ao 70% do valor estimado do contrato, por ter unha duración non superior a un ano.

Para as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos) considerarse con solvencia económica aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao 50% do valor estimado do contrato, por ter unha duración non superior a un ano.

- Solvencia técnica e profesional:

Agás que no apartado 5.B das FEC se determine outro distinto, acreditarase a través do seguinte medio:

- Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior ao 70% do prezo do contrato.

Para as empresas de nova creación: as empresas de nova creación (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a cinco anos) poderán acreditar a súa solvencia por algún dos medios previstos nas letras b) a g) do apartado 1 do artigo 89 da LCSP.

Xustificación solvencia:

Os requisitos solicitados na presente contratación de conformidade co establecido no artigo 74 da LCSP, están directamente vinculados co obxecto do contrato e son totalmente proporcionais, considerándose que a presentación de dita solvencia garantirá a capacidade do adxudicatario para contratar coa administración.

8º.- Criterios de valoración e xustificación:

Os criterios conformes os cales se valorarán as ofertas serán os seguintes:

a) Criterios avaliados 100 puntos:

- 1.- Prezo. Redución do prezo do contrato.** Valorarase ata un máximo de 85 puntos. Para a valoración terase en conta o importe total ofertado.
- 2.- Incremento en meses do período de garantía:** Valorarase ata un máximo de 10 puntos. Os incrementos sobre o mínimo recollido no PPT e nesta memoria.
- 3.- Redución en horas do tempo de resposta fixado no PPT (72 horas) para o servizo de atención postventa durante o período de garantía:** valorarase con ata un máximo de 5 puntos.

A presentación destes documentos realizarase coa oferta económica.



Concello de Vigo

Os criterios avaliaranse segundo as seguintes fórmulas.

1º.- Para valorar as baixas ou aqueles criterios nos que se valore unha diminución dos valores propostos pola Administración (menor prezo, menor prazo, menores consumos, etc.) con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia das baixas.

1. Cálculo do valor referencia das baixas (Vrb):

O valor da baixa ofertada obtérase restando ao valor proposto pola Administración o valor ofertado polo licitador.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. En función do número de ofertas admitidas que non conteñan valores anormais ou desproporcionados serán descartadas para este cálculo:

- Entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- 1. Entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- 2. Entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.
- 3. Máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor de baixa sexa idéntico.

Entre os valores de baixa non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia das baixas (Vrb).

2. Para valorar baixas inferiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vrb}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de baixa

Vrb: valor referencia das baixas

3. Para valorar baixas iguais ou superiores ao Vrb aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor da baixa ofertada e o Vrb

B: a maior diferenza entre o valor de baixas ofertadas e o Vrb

2º.- Para valorar aqueles criterios nos que se valore un aumento dos valores propostos pola Administración, aumento prazo de garantía, con carácter previo á aplicación das fórmulas é preciso calcular o valor de referencia dos incrementos.

1. Cálculo do valor referencia dos incrementos (Vri):

O valor do incremento ofertado obterase restando ao valor ofertado polo licitador o valor proposto pola Administración.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor do incremento. En función do número de ofertas admitidas, por cada fracción de 5 ofertas admitidas, serán descartadas para este cálculo:

- ▣ entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- ▣ entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas primeiras ofertas da lista do orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- ▣ entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as tres primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.
- ▣ máis de 15 ofertas: eliminaranse as catro primeiras ofertas da lista da orde decrecente, aínda que o valor do incremento sexa idéntico.

Entre os valores de incremento non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá o Valor referencia dos incrementos (Vri).

2. Para valorar incrementos inferiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = \frac{0,80 * Pmx * Vof}{Vri}$$

Onde:

Pmx: puntuación máxima do criterio

Vof: valor ofertado de incremento

Vri: valor referencia dos incrementos

3. Para valorar incrementos iguais ou superiores ao Vri aplicarase a seguinte fórmula:

$$P = 0,80 * Pmx + \frac{0,20 * Pmx * A}{B}$$

Onde:

Pmx: Puntuación máxima do criterio

A: diferenza entre o valor do incremento ofertado e o Vri



Concello de Vigo

B: a maior diferenza entre o valor de incremento ofertadas e o Vri

Xustificación dos criterios:

Prezo: ao referirse a un subministro dun equipamento cuxas características veñen recollidas no PPT o prezo convértese nun valor principal de valoración sendo o 85% da puntuación.

Outros criterios relevantes respecto do subministro:

Estes inflúen na entrega do ben e nas coberturas do mesmo: período de garantía, procesos de fabricación, materiais empregados para a súa elaboración, e acreditacións ou certificacións que garanten os procesos e os materiais utilizados garantindo a sustentabilidade e respecto do medio ambiente.

A xustificación das fórmulas:

Estas fórmulas resultan axeitadas para a valoración dos criterios de adxudicación por canto resultan proporcionais outorgando a maior puntuación á oferta que resulta máis vantaxosa en relación ao prezo e aos períodos de garantía e as mesmas veñen sendo utilizadas por esta administración con continuidade e co visto e prace da intervención municipal.

Así mesmo asignase puntuación directa a criterios de calidade segundo cumpran cos mesmos.

9º.- Ofertas con valores anormais (artigo 149)

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. **Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:**

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

10º.- Condicións especiais de execución

En cumprimento da obriga prevista no artigo 202.1 da LCSP, segundo a cal “será obrigatorio o establecemento no prego de cláusulas administrativas particulares de cando menos unha das condicións especiais de execución de entre as que enumera o apartado seguinte”, establécense neste contrato a seguinte condición especial de execución de tipo social ou relativas ao emprego:

“A adopción de medidas pola empresa adxudicataria que garantir a seguridade e da protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables, así como medidas para previr a siniestralidade laboral”

Esta condición especial de execución ven recollida no artigo 202.2 da LCSP e esíxese neste contrato co obxectivo de afondar nunha contratación socialmente máis responsable, que incorpore nos procedementos de contratación obxectivos específicos de política social. Inclúense así algúns dos aspectos sociais recollidos na guía de Adquisicións Sociais da Comisión Europea (oportunidades de emprego, traballo digno, cumprimento cos dereitos sociais e laborais, inclusión social e igualdade de oportunidades).

Esta “contratación estratéxica”, plasmada nas novas Directivas de Contratación, permite implementar coa contratación pública as políticas públicas en áreas que se consideran esenciais, contribuíndo a mellorar o cumprimento das leis sociais e laborais, a estimular mercados con conciencia social, demostrar habilidades de gobernanza sensibles aos aspectos sociais, fomenta a integración de grupos significativos na sociedade, como son as persoas con discapacidade, en actividades claves do mercado, e garantir gastos públicos máis eficaces e eficientes con maior afectación real ás persoas ou colectivos máis desfavorecidos. As medidas a adoptar deberán ser comunicadas polo adxudicatario no prazo dun mes desde a formalización do contrato ao responsable do contrato.

11º.- información esixida polo artigo 130 LCSP

Non procede nesta contratación

12º.- Prazo de garantía

Mínimo tres anos.

13º.- Subcontratación

Se admiten conforme ao previsto no artigo 215 LCSP, non se recollen tarefas críticas a realizar polo contratista principal.

14º.- Modificacións do contrato

Non se prevé.

15º.- Responsable do contrato

De conformidade co artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, para o exercicio das funcións que nel se determina, a designación como responsable do contrato recaer no Xefe Servizo Deportes- Director Deportivo do servizo de deportes.



Concello de Vigo

16º.- Referencia ao réxime de pagamento

O importe do prezo satisfaráselle ao adxudicatario unha vez entregado o obxecto do contrato e verificado o mesmo polos servizos técnicos do servizo de deportes.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que encóntrase adherido o Concello de Vigo, son os seguintes:

A) UNIDADE TRAMITADORA: GE0000661 DEPORTES

B) OFICINA CONTABLE: GE0000575 SERVIZOS ECONÓMICOS / INTERVENCIÓN

B) ÓRGANO XESTOR: L01360577 CONCELLO DE VIGO

17º.- Seguro

Esixe unha póliza de RC de importe superior aos 450.000,00 euros.

18º.- Lugar de entrega

Pavillón Municipal de Navia na cidade de Vigo.

19º.- Data prevista para o inicio do contrato

1 de xullo de 2021

20º.- Etiquetas

Non se prevén.

21º.- Informes de probas

Certificado en vigor de que os materiais subministrados son capaces de realizar as funcións e cumpren cos requisitos recollidos no PPT de acordo coa norma UNE-EN 1270:2006 ou equivalente.

22º.- Outros aspectos a ter en conta na redacción do prego de cláusulas administrativas particulares

A documentación técnica dos manuais do produto a subministrar e instalación deberá realizarse coa presentación da oferta, no mesmo sobre.

23º.- Condicións especiais de compatibilidade

Non se contemplan.

24º.- Penalidades

Cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en mora no cumprimento do prazo de 72hrs. ou o prazo que indique o licitador na súa oferta do servizo de atención postventa recollido na cláusula VIII do PPT, imporáselle unha penalidade do 5% do importe de adxudicación do contrato, por considerarse un incumprimento grave.

Esta penalidade farase efectiva mediante dedución da garantía definitiva.

25º.- Cesión de datos ao adxudicatario e cesión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial

Este contrato non require a cesión de datos ao adxudicatario nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial.

En consecuencia cos antecedentes descritos, propónse ao Concelleiro Delegado da Área de Deportes remitir a presente memoria xustificativa para a contratación do **“Subministro e instalación de tres xogos de canastras monotubo motorizadas elevables para o Pavillón Municipal de Navia”**, ao departamento de Contratación para a redacción do correspondente Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, de acordo coas condicións e necesidades descritas no presente informe.

III.- PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: aprobar o expediente de Contratación polo procedemento aberto simplificado da **“CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA”**.

Segundo: aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 26 de maio de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 27 de maio de 2021 asinado pola técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola xefa do Servizo de Contratación, para a **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE TRES XOGOS DE CANASTRAS MONOTUBO MOTORIZADAS ELEVABLES PARA O PAVILLÓN MUNICIPAL DE NAVIA**.

Terceiro: autorizar o gasto polo importe base máximo de licitación de 60.000,00 € , e sendo o valor estimado do contrato de 49.586,78 €. Para o seu financiamento aplicaranse os



Concello de Vigo

créditos do orzamento do Concello de Vigo, Concellería de Deportes incluídos na aplicación orzamentaria 3420.629.0000 “*Equipamento deportivo das instalacións*” do orzamento 2021.

Cuarto: abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(543).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AUGA QUENTE (AQS) EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3748/611.

Visto o informe xurídico de data 17/06/21 e o informe de fiscalización do 18/06/21, dáse conta do informe-proposta do 04/06/21, asinado polo adxunto á xefatura de Deportes, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), e á resolución de inicio do expediente de data 3 de agosto de 2020.
- Memoria económica de data 3 de maio de 2021, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.

- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Documentos contables de data 4 de maio de 2021 (nº 202100049290 -RC- e 202100049291 -RCFUT1-).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 31 de maio de 2021.
- Memoria xustificativa de data 31 de maio de 2021, relativa aos seguintes extremos:
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP)
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
 - Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP)
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
 - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
 - Declaración de conflito de intereses de data 31 de maio de 2021.
 - Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado pola Xefa o servizo de contratación de data 01 de xuño de 2021.
 - Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola Xefa de contratación de data 01 de xuño de 2021.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia está delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. O concelleiro- delegado de Deportes mediante resolución de 03 de agosto de 2020 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.



Concello de Vigo

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria de **DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AGUA QUENTE (AQS) EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO.**

Segundo: Aprobar o Prego de Prescriccións Técnicas Particulares de data 31 de maio de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo Xefa de Contratación de data 1 de xuño de 2021.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 197.879,36 euros con iva, sendo o IVE 34.342,70. O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria e bolsa de vinculación dos orzamentos da Concellería de deportes 3420.2210300 “COMBUSTIBLES”. O ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución orzamentaria prevista.

	Distribución en anualidades euros con iva	Meses
2021	12.367,46	3
2022	49.469,84	12
2023	49.469,84	12
2024	49.469,84	12
2025	37.102,38	9
total	197.879,36	48

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(544).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, A TRAVÉS DE PROCEDIMIENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DOS SERVICIOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERIODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2021-2022”. EXPTE. 25031/332.

Visto o informe xurídico do 17/06/21 e o informe de fiscalización do 18/06/21, dáse conta do informe-proposta do técnico de Educación, a xefa do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 07 de abril de 2021, o Concelleiro de Educación insta ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior de servizos para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2021-2022”.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:



Concello de Vigo

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade da contratación e orde de inicio do expte de data 07/04/2021.
- Memoria Económica, redactada polo Servizo de Educación de data 08/04/2021.
- Documentos económicos (RC + RCFUT), de data 09/04/2021.
- Declaración redactor do PPT do Técnico de Educación de data 04/05/2021.
- Dilixencia de Asesoría Xurídica da Xefa de Asesoramento de data 09/06/2021.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 10/06/2021 redactado polo Servizo de Educación.
- Memoria xustificativa de data 10/06/2021, redactada polo Servizo de Educación.
- Informe de 11/06/2021 da Xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública e devolución do expte ao servizo xestor para revisión do Prego de cláusulas administrativas.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 16/06/2021 redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2021-2022”, para a mellora da competencia lingüística en inglés de estudantes de 3º,4º ESO ou BACH matriculados en centros educativos de Vigo sostidos con fondos públicos.

Duración: A duración estimada do contrato será por un periodo de dous (2) anos e dúas posibles prórrogas, por un periodo de duración dun ano cada unha.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 2.220.000,00 euros.

Aplicación orzamentaria: 3260.227.99.17 do Programa Educativo “Aulas Internacionais” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2021-2022”.

2º.- Aprobar o Prego de prescripci3ns t3cnicas de 10/06/2021 redactado polo Servizo de Educaci3n e o Prego de cl3usulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 16/06/2021 redactado polo Servizo de Contrataci3n, que se incl3en no presente expediente para a contrataci3n dos servizos para a xesti3n, organizaci3n e desenvolvemento do programa municipal de inmersi3n ling3ística mediante integraci3n escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Ingl3s 2021-2022" por procedemento aberto.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 4.440.000,00.-€ (correspondendo 66.600,00 euros na anualidade de 2021, 2.220.000,00 euros na anualidade de 2022, e outros 2.153.400,00 euros na anualidade de 2023) para a contrataci3n dos servizos para a xesti3n, organizaci3n e desenvolvemento do programa municipal de inmersi3n ling3ística mediante integraci3n escolar nun High School en periodo lectivo "Vigo en Ingl3s 2021-2022" por procedemento aberto, con cargo 3 partida presupostaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo "Aulas Internacionais".

O valor estimado do contrato estip3lase en 9.768.000,00.-€

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contrataci3n conforme ao previsto na lexislaci3n vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(545).- EXPEDIENTE DE CONTRATACI3N DO SUBMINISTRO EN R3XIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEH3CULOS SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DAS PERSOAS TRABALLADORAS SELECCIONADAS DENTRO DO PROGRAMA DE INSERCI3N LABORAL VIGO EMPREGA. EXPTE. 17935/77.

Visto o informe xur3dico do 11/06/21 e o informe de fiscalizaci3n do 16/06/21, d3ase conta do informe-proposta do 11/06/21, asinado pola t3cnica de Xesti3n, o concelleiro-delegado de Cultura e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACI3N

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector P3blico, pola que se traspo3en ao ordenamento xur3dico espa3ol as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administraci3ns p3blicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do r3xime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposici3ns legais vixentes en materia de r3xime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administraci3n Local de Galicia (LALGA).



Concello de Vigo

I.- ANTECEDENTES.

Primeiro.- Mediante resolución do 22/12/2020, o Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego, resolveu iniciar o expediente de contratación da subministración en réxime de arrendamento (renting) de vehículos sen condutor para o desprazamento das persoas traballadoras seleccionadas dentro do programa de inserción laboral Vigo Emprega. O dito informe que contemplaba, como necesidade a satisfacer, a subministración de 4 furgonetas de 9 prazas e 3 furgonetas de 5 prazas, foi modificado posteriormente, no informe de necesidade de data 26/04/2021 quedando establecida a necesidade no subministro de 2 Furgonetas de 9 prazas e 3 Furgonetas de 5 prazas, e estando motivada a dita modificación na variación do número estimado de participantes no programa de emprego, que pasaron de 100, na data de emisión do informe de necesidade e idoneidade de data 22/12/20, a 75 participantes na súa valoración posterior tal e como así se reflicte na memoria económica de data 11/01/2021.

Á vista das observacións formuladas polo servizo de Intervención na Dilixencia de data 31/05/2021, se procede á corrección da Memoria xustificativa e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, resultando modificados os importes dos prezos unitarios (apartado 3.G das FEC) e a descrición do obxecto do contrato (apartado 2.A das FEC), consonte a dita memoria.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

- a) Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato, asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego en data 22/12/2020 modificado polo informe de data 26/04/2021.
- b) Memoria económica do contrato de data 11 de xaneiro de 2021, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o concelleiro delegado de Cultura e Emprego.
- c) Documentos contables de retención de crédito de 25/01/2021 (RC núm. operación: 202100006208, RCFUT núm. operación: 202100006209)
- d) Declaración das redactoras do prego técnico de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de xestión e a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 28/01/2021 e 28/05/2021.
- e) Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 26 de abril de 2021, asinado pola técnica de xestión e a xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
- f) Memoria xustificativa do contrato co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, de data 7 de xuño de 2021, asinada pola técnica de xestión, en ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e o concelleiro delegado de Cultura e Emprego.
- g) Informe do servizo de contratación, asinado pola xefa do servizo de Contratación, de data 9/06/2021
- h) Prego de cláusulas administrativas particulares de data 9 de xuño de 2021, asinado pola xefa do servizo de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia está delegada por Re-

solución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020). O Concelleiro Delegado de Cultura e Emprego, en resolución de 22/12/2020, coa modificación de data 26/04/2021, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado pola técnica de xestión do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola xefa do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se ten incorporado polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral en virtude do disposto na Base 29.1 de Execución dos vixentes Orzamentos, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1º Aprobar o expediente de contratación (17935-77) por procedemento aberto simplificado abreviado do SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DAS PERSOAS TRABALLADORAS SELECCIONADAS DENTRO DO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA.

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 26 de abril de 2021, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 9 de xuño de 2021, que rexerán a contratación do SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DAS PERSOAS TRABALLADORAS SELECCIONADAS DENTRO DO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA.

3º.- Aprobar o gasto de 59.048,00 euros, para a contratación do SUBMINISTRO EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR PARA O DESPRAZAMENTO DAS PERSOAS TRABALLADORAS SELECCIONADAS DENTRO DO PROGRAMA DE INSERCIÓN LABORAL VIGO EMPREGA., con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2040000 ALUGUER DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE (P. EMPREGO), do vixente orzamento do concello de Vigo do ano 2021.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(546).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO “AGARIMO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 10068/320.

Visto o informe de fiscalización do 16/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 04/06/21, asinado pola xefa de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 26/01/2021, Dona Ana María Gil Lodeiro (DNI: 3598****), en calidade de presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”” (CIF: G36821817), achegou escrito (doc. 210012681), que xunto coas achegas posteriores de data 21/03/2021 doc. 210039804, 31/03/2021 doc. 210050718 e 14/05/2021 doc. 210084572, solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2021, entre 01/10/2020 ata o 30/09/2021, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Gil Lodeiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO””, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
 - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 26/01/2021
 - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 26/01/2021
 - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 14/04/2021
 - Certificado do Concello de Vigo, de data 24/03/2021

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

5. Consulta de verificación de datos (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2020-30/09/2021)	
Aluguer local	13.800,00 €
Subministrados (auga, enerxía eléctrica)	780,00 €
TOTAL	14.580,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2020-30/09/2021)	
Cotas socios	1.580,00 €
Subvención Concello de Vigo	13.000,00 €
TOTAL	14.580,00 €

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro do local social, seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.



Concello de Vigo

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 519/97, segundo resolución de data 16/05/1997.

V. O vixente exercicio orzamentario (2021) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2020, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "*Convenio* Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"", cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

VI. En data 24/03/2021 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 24/03/2021 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO" (G36821817), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2020 ata setembro de 2021.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"".

Segundo recolle os arts. 3 e 4 dos Estatutos da Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO", entre os fins e actividades da entidade, de interese para a cidadanía viguesa, encóntranse:

- Fomentar o asociacionismo das persoas.
- Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para a súa defensa.
- Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.

- Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Ana María Gil Lodeiro, con DNI 3598*****, en calidade de Presidenta da “Asociación de Amas de Casa e Consumo “AGARIMO”” (CIF: G36821817), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10068/320.

III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conteno financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.



Concello de Vigo

e

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de

Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

o

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

O vixente exercicio orzamentario (2021) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 23/12/2020, inclúe expresamente a partida 9240 4890006 "Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"" cunha dotación orzamentaria de 13.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación

de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

VI. ANTICIPO

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aborase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean



Concello de Vigo

suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao

artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38^a.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2020 e o 30/09/2021, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o 30 de setembro de 2021.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

VIII. PUBLICIDADE

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha

subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

IX. ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá in-



Concello de Vigo

terpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRX-CA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR o gasto por importe de 13.000,00 € (trece mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890006 denominada "*Convenio Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*", incluída no vixente orzamento municipal de 2021.

SEGUNDO. - APROBAR o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Asociación de Amas de Casa e Consumo "AGARIMO"*" (CIF.- G36821817), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2020 e setembro de 2021, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, CONCEDER á referida entidade, unha subvención de 13.000,00 € (trece mil euros).

TERCEIRO.- Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

CUARTO.- Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA E CONSUMO "AGARIMO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER, NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

REUNIDOS

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D^a Ana Gil Lodeiro, con DNI 3598*****, en calidade de Presidenta da "Asociación de Amas de Casa e Consumo - Agarimo " (CIF: G36821817), con domicilio social na Rúa San Xosé, 22- baixo (esquina Travesía de Vigo, 46), de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 10068/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc., inflúen entre a poboación, detectando, proponendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades

máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.



Concello de Vigo

II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e de hixiene alimentaria, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a educación e formación no ámbito do consumo do termo municipal, sendo a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” unha das máis importantes asociacións de consumidores e usuarios de Vigo.

III.- Que a entidade “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo”, de conformidade cos arts. 3 e 4 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ Fomentar o asociacionismo das persoas.
- ✓ Impulsar e defender os intereses das amas de casa e dos consumidores en xeral, para súa defensa.
- ✓ Representar aos/as asociados/as ante organismos oficiais ou privados, en defensa dos seus intereses.
- ✓ Estudar os problemas que poidan xurdir dentro do seu ámbito de actuación, abrindo os canles necesarios para as posibles solucións dos mesmos.
- ✓ Organizar, dentro das súas posibilidades, cantos servizos de asistencia, asesoramento e formación requiran os seus membros.
- ✓ Organizar conferencias, coloquios, cursos e outras actividades afíns.
- ✓ Difundir as publicacións que sobre os temas da asociación se publiquen polos distintos organismos, etc.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 519/97.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Asociación de Amas de Casa e Consumo “Agarimo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, culturais e formativas planificadas para o ano 2020 e 2021, en particular, as realizadas entre o 1 de outubro de 2020 e o 30 de setembro de 2021, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “Convenio Asociación Agarimo”, nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 13.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuir aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas entre o 01/10/2020 ata o 30/09/2021, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/10/2020-30/09/2021)	
Aluguer local	13.800,00 €
Subministros (auga, enerxía eléctrica)	780,00 €
TOTAL	14.580,00 €

IX.- Que a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte á Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"*, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociosanitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A entidade "*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*" comprométese a colaborar coa concellaría de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto á correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.



Concello de Vigo

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*” unha subvención por importe de 13.000€ (trece mil euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890006, denominada “*Convenio Asociación Agarimo*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento e aluguer do local da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade entre o 01/10/2020 e o 30/09/2021, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “*Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo*”.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

Terceiro.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se

procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

Sexto.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Sétimo.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42.2.d) e ss. do RD 887/06, neste caso, se exonera á *Asociación de Amas de Casa e Consumo Agarimo* da obriga de constitución de garantías, dado o carácter social do proxecto subvencionado, e a natureza de entidade non lucrativa da beneficiaria.

Oitavo.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2020 ata o 30/09/2021.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo"* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente



Concello de Vigo

conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o 30 de setembro de 2021.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Requiere identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas, asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e número total de participantes.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade non subvencionada xustificarse con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente, podendo substituírse pola presentación dunha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de

orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento



Concello de Vigo

- cando se inclúan gastos de seguros, achegarse fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente, do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitar un anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Festas, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

Décimo.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES55 2080 0552 01 3040004976 (ABANCA).

Décimo primeiro.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Décimo segundo- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2020 e o 30/09/2021.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sétimo.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



Concello de Vigo

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Vixésimo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2021).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

19(547).- DOAZÓN DA BIBLIOTECA PERSOAL DE DARÍO ÁLVAREZ BASSO AO CONCELLO DE VIGO (ESCOLA DE ARTES E OFICIOS). EXPTE. 1045/613.
Visto o informe de fiscalización do 02/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 25/05/21, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Código Civil.
- Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro (LCSP).
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales (RBEL).

ANTECEDENTES:

Primeiro.- Mediante escrito de data 14/01/2021, D. Darío Álvarez Basso realiza a oferta de doazón ao Concello de Vigo da súa Biblioteca persoal especializada en arte coa condición de que sexa destinada á Biblioteca Pública García Barbón/Escola Municipal de Artes e Oficios.

Segundo.- No expediente consta informe da técnica de Bibliotecas da EMA de data 26/01/2021 e do 28/04/2021, en relación a doazón ofertada, no que ven a sinalar que (...) *A súa biblioteca está formada por aproximadamente uns 1000 volumes que van desde a Arte Prehistórica (europea, precolombina, africana e oceánica), arte clásica, arte moderna e arte contemporánea, monografías de arquitectura e deseño, fotografía, gravado, estética, historia da arte, biografías e catálogos individuais de artistas, catálogos de exposicións colectivas desde 1980 a 2020. Ademais de 30 volumes da edición facsimil de "La Expedición Botánica del Nuevo Reino de Granada" un proxecto realizado co obxectivo de publicar os resultados da investigación coordinada por José Celestino Mutis a finais do século XVIII. Concluindo, así mesmo, que a mesma é de gran interese para nosa Biblioteca, concretamente para o fondo moderno que experimentaría un gran incremento na bibliografía especializada dos artistas e das correntes artísticas mais contemporaneas.*

Terceiro.- Pola concellería de Educación emitíuse informe proposta o 28/4/2021 asinado polo técnico responsable de Educación de Adultos, a xefa do Servizo e Concelleiro delegado de Educación, nos seguintes termos:

- *Aceptar a doazón da Biblioteca persoal especializada en artes plásticas de D. Darío Álvarez Basso conforme ao seu ofrecemento de 14/01/2021, ao seu escrito de 27/04/2021. aos informes da técnica de Bibliotecas de 08/03/2021 e de 28/04/2021 e ao do técnico responsable de educación de adultos de 15/03/2021, conformado pola xefa do Servizo de Educación e Concelleiro delegado desta área.*
- *Que este material bibliográfico pase á propiedade municipal nos fondos da Biblioteca Pública García Barbón/EMAO, reservándose esta a xestión bibliotecaria no referido a determinar a súa ubicación, o tratamento técnico e, se é o caso, expurgo ou doazón a terceiros.*
- *Que unha vez recibido se proceda á catalogación técnica dos fondos doados para a integración dos exemplares no fondo moderno da Biblioteca pública municipal García Barbón/Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.*

Cuarto.- D.Darío Álvarez Basso achegou ó expediente declaración responsable conforme non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei de Contratos do Sector Público.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- As entidades locais, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas respectivas competencias, teñen plena capacidade xurídica e de obrar para adquirir, po-



Concello de Vigo

seer, reivindicar, permutar, gravar ou enaxenar toda clase de bens e dereitos (artigo 5 LBRL).

SEGUNDO.- A doazón recollese como uns dos modos de adquisición dos bens e dereitos polas Administracións públicas, previsto no artigo 15 LPAP, 271 LALG e 10 RBEL, que constitue un acto de liberalidade, gratuito e unilateral, polo cal unha persoa dispoñe dunha cousa a favor de outra, que a acepta (artigo 618 Código Civil).

Así mesmo, sinalase no Código Civil que poderán facer doazóns todos os que poidan contratar e dispoñer dos seus bens, e perfeccionarse dende que o doante coñece a aceptación do donatario.(art.623 e 624).

En canto ó ser ésta un modo de adquisición de bens a título gratuito non está suxeita a restricción algunha, dispoñéndose unicamente a limitación no suposto da suxección ou vencellamento a condición ou modalidade onerosa (art. 273 da LALG e 12.1 do RBEL).

No presente caso, a teor dos termos nos que formulase ó ofrecemento da doazón atopámonos ante un suposto de doazón pura e simple, non existindo restricción algunha a súa aceptación, podendo ser acordada polo órgano competente, se así o estima de interés público.

Por outra banda, consta no expediente declaración responsable efectuada polo donante conforme non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar sinaladas no art. 71 da Lei de Contratos do Sector Público

TERCEIRO.- O artigo 9.2 da Lei de Contratos do Sector Público, considera a doazón un contrato excluído do ámbito de aplicación de dita Lei, dispoñendo no seu art. 4 que ditos contratos regularáanse polas súas normas especiais, aplicándose os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que poideran presentarse.

CUARTO.- Así mesmo, a doazón de cousa moble poderá facerse verbalmente ou por escrito, requiríndose neste último caso para que surta efecto, que conste na mesma forma a aceptación (artigo 632 Código Civil), xa que a doazón so obriga ó doante e produce efectos dende a aceptación (artigo 629 Código Civil).

QUINTO.- Consecuentemente co exposto, non existe inconveniente na aceptación da doazón de D.Darío Álvarez Basso da súa Biblioteca persoal especializada en artes plásticas con destino á Biblioteca Pública García Barbón/Escola Municipal de Artes e Oficios, dacordo co informe da técnica de Bibliotecas da EMAO e a proposta favorable da Concellería delegada de Educación, reseñados nos antecedentes da presente.

SEXTO.- Resulta competente para resolver sobre a aceptación da doazón plantexada, a Xunta de Goberno Local, consonte ao previsto na Disposición Adicional Segunda da LCSP.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Aceptar a doazón da Biblioteca persoal especializada en artes plásticas de D. Darío Álvarez Basso, de aproximadamente uns 1000 volumes, conforme ao seu ofrecemento de

data 14/01/2021 e 27/04/2021, e a proposta da Concellería delegada de Educación do 28/4/2021.

2ª.- O material bibliográfico doado incorporárase aos fondos da Biblioteca Pública García Barbón/EMAO, reservándose esta a xestión bibliotecaria no referido a determinar a súa ubicación, o tratamento técnico e, se é o caso, expurgo ou doazón a terceiros.

3º.- Proceder á catalogación técnica dos fondos doados para a integración dos exemplares no fondo moderno da Biblioteca pública municipal García Barbón/Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo.

4º.-Proceder, tralos tramites legais pertinentes, á formalización da doazón en documento administrativo.

5ª.- Delegar no Concelleiro Delegado da Area de Educación a recepción da biblioteca donada e asinamento da correspondente acta.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(548).- NOMEAMENTO INTERINO DE DOUS SUBALTERNOS/AS CON CARGO A PRAZA VACANTE PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 37747/220.

Visto o informe de fiscalización de data 14/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 10/06/21 asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, a Xefa da Área de Réxime Interior coa conformidade da concellería competente, presenta escrito solicitando a urxente tramitación do expediente de cobertura de dúas prazas vacantes no referido servizo, consecuencia da renuncia das anteriores funcionarias interinas nomeadas.

II.- En resposta a esta petición, e previa a emisión de informe técnico que establecía a posibilidade de cobertura das prazas de subalterno/a solicitadas, a Concelleira delegada en materia de persoal, mediante instrución de servizo de data de sinatura electrónica, dispuxo ordear que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, incorporando aos efectivos solicitados con cargo ás vacantes incluídas nas OEP 2017 e 2020

III.- Consta anexado ao expediente informe técnico de cuantificación económica, que inclúe a proposta de gasto, e no que, entre outras cuestións, consta que:



Concello de Vigo

“En conclusión, as prazas antes mencionadas de Subalterno/a de Administración Xeral, atópanse vacantes, polo que a xuízo do que subscribe, estarían en disposición de ser cubertas interinamente en réxime funcional con cargo a vacante incluída na OEP-2017 pola quenda libre e publicada no DOG de 21/06/2018 e modificación no DOG de 12/09/2019 e, outra das incluídas na OEP-2020 pola quenda libre, publicada no BOP de 30/12/20 e no DOG de igual data.”

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de de-

sarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentencia foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

En relación a existencia de prazas vacantes, e segundo o informe técnico obrante no expediente, consta que as prazas antes mencionadas de Subalterno/a de Administración Xeral, atópanse vacantes, polo que a xuízo do que subscribe, estarían en disposición de ser cubertas interinamente en réxime funcional con cargo a vacante incluída na OEP-2017 pola quenda libre e publicada no DOG de 21/06/2018 e modificación no DOG de 12/09/2019 e, outra das incluídas na OEP-2020 pola quenda libre, publicada no BOP de 30/12/20 e no DOG de igual data. Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Ditos nomeamentos será revocados ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución das OEP 2017 e 2020, segundo o caso.



Concello de Vigo

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso subalterno/a, posto cód. 155 da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área, de acordo coas necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da Xefa da Área de Réxime Interior referido no punto I dos antecedentes de este informe, así coma na instrución da concelleira delegada competente de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente para garantir o normal funcionamento da Área de Recursos Humanos, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica, que consta no expediente:

*“O custo anual que figura no Capítulo I do Orzamento de Gastos, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación na súa sesión ordinaria de 23 de decembro de 2020, publicado no BOP núm. 248 de 28 de decembro seguinte, dun posto de **Ordenanza-Porteiro, cód. 155**, para o exercicio 2021 e de 29.744,76€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0500 (soldo base, por un importe anual de 8.408,08€), 121.0005 (complemento de destino, por un importe*

anual de 4.676,27€), 121.0105 (complemento específico por un importe anual de 9.376,84€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 7.283,57€), significando que o **custe máximo anual para presente ano 2021, sería para cada posto de 16.111,75€** (dos que **12.166,48€ corresponden a retribucións e, 3.945,27€ a seguridade social a cargo ao empregador**), toda vez habería que imputalo a un máximo de 6,5 meses, xa que non estarían en condicións de ser nomeados/as ata polo menos o 16 de xuño próximo, xa que os créditos dos tres primeiros meses deste ano xa foron utilizados (ou o serán nunha nova modificación presupostaria), nas modificacións orzamentarias números 2/2021, expte. 36898/220, para facer fronte a insuficiente dotación orzamentaria da aplicación 920.0.140.0000, por un total de 849.516,28€ e, número 5/2021, expte. 37252/220, para facer fronte a insuficiente dotación orzamentaria das aplicacións 9200.1400000; 9200.1500000; 9200.1510000; 9200.1600099 e 2210.1610400, por un total de 2.134.303,42€..”

O gasto total correspondente aos dous/dúas efectivos/as durante o periodo comprendido entre o 16/06/21 e o 31/12/21 sería o seguinte:

Aplicación	Partidas orzamentarias	Retribucións	Seguridade Social	Total 2 interinos
920.0	120.05.00, 121.00.05 e, 121.01.05	24.332,96	7.890,54€	32.223,20€

Neste punto, nos remitimos ao informe técnico, que damos integramente por reproducido aos efectos de evitar reiteracións innecesarias, e considerando as obxeccións indicadas no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación que obra no expediente

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Subalternos, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

*Que verificadas as listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como subalternos con cargo a praza vacante a, M. Cayo González con DNI: ****5980**, e a, M. Cid Rodríguez con DNI: ****4579** de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.*

Os/as mesmos/as **aceptaron expresamente mediante escrito que consta anexado ao expediente optar ao referido nomeamento interino** con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.



Concello de Vigo

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 16/04/2021 e por acordos da xunta de goberno local de datas 22/04/2021, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous funcionarios/as interinos/as con cargo a vacante, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o custo máximo anual para presente ano 2021, dos postos de 32.223,20€ (dos que 24.332,96 € corresponden a retribucións e, 7.890,54€ a seguridade social a cargo ao empregador).

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as, con cargo ás prazas vacantes de subalterno/a a *M. Cayo González con DNI: ****5980** (con cargo a OEP 2020)*, e a, *M. Cid Rodríguez con DNI: ****4579** (con cargo a OEP 2017)* na súa condición de seguintes **aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de** conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extinguíndose automaticamente no momento que se cubran definitivamente ditas prazas (previa resolución do procedemento selectivo, competitivo e público), incluída nas OEP correspondente aos anos 2017 e 2020; sendo adscritos ao Servizo de Conserxería, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/a funcionario/a interino/a nomeado/a desenvólvese no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo o aspirante nomeado, a Xefa da Área de Réxime interior, Xefa do Servizo de Conserxería, á Intervención Xeral, a Inspección de persoal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(549).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E ANÁLISE EN LABORATORIOS HOMOLOGADOS, DE ATA 800 MOSTRAS DE FLUÍDO SALIVAL, PROPORCIONADA POR CONDUTORES DE VEHÍCULOS PARA A DETECCIÓN DE DROGAS TÓXICAS, SUBSTANCIAS ESTUPEFACIENTES, PSICOTRÓPICOS, ESTIMULANTES OU ANÁLOGAS. EXPTE. 73346/212.

Visto o informe xurídico do 11/06/21 e o informe de fiscalización do 15/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 16/06/21, asinado polo intendente xefe da Policía Local, o xefe de Área de Seguridade e Mobilidade e a concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 13 de xaneiro do 2021 a Concelleira delegada de Seguridade, ordena a incoación dun expediente de contratación (73346-212) de contratación para o servizo de recollida, transporte e análise en laboratorios homologados, de 800 mostras de fluido salival, proporcionada por condutores de vehículos para a detección de drogas tóxicas, substancias estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes, ou análogos.

2.- O expediente de contratación está formado polos seguintes documentos:

- 2.1 Informe de necesidade e idoneidade e orde de inicio de expediente (13/01/21)
- 2.2 Memoria económica (19/01/21).
- 2.3 Certificados da existencia de crédito adecuado e suficiente : RC 6214; RCFUT 6215 (26/01/21)
- 2.4 Prego de Prescripcóns Técnicas (28/01/21)
- 2.5 Declaración redactor Prego de Prescripcóns Técnicas (07/05/21).
- 2.6 Memoria Xustificativa (05/05/21).
- 2.7 Informe do Servizo de Contratación (07/05/21).
- 2.8 Declaracións de ausencia de conflito de interese dos asinantes (11/05/21).
- 2.9 Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (10/06/21).
- 2.10 Informe Xurídico favorable (27/05/21 e 11/06/21).
- 2.11 Informe de fiscalización do servizo municipal de Intervención (15/06/21).



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO.- En canto ao inicio e tramitación do expediente, arts. 116 e concordantes, e disposicións adicionais segunda e terceira todos da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

SEGUNDO.- En canto á competencia para iniciar o expediente, Acordo da Xunta de Goberno Local de data 20.06.2019, de delegación de competencias nos Concelleiros-delegados de Área e nos demais delegados de competencias, así como as modificacións posteriores de datas 04.07.2019, 11.07.2019, 05.09.2019 e 18.08.2020 e 05.11.2020.

TERCEIRO.- En canto á aprobación do expediente, D.A. 2a da Lei 9/17 de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- No expediente consta a existencia de crédito adecuado e suficiente con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2270602 (ANÁLISES SALIVA EN LABORATORIO)

En mérito de canto antecede, vense en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de,

ACORDO

1º.- Aprobar o expediente de contratación para o o servizo de recollida, transporte e análise en laboratorios homologados, de ata 800 mostras de fluído salival, proporcionada por condutores de vehículos para a detección de drogas tóxicas, substancias estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes, ou análogas (73346-212), cos seus pregos de Prescrición Técnicas Particulares e de Cláusulas Administrativas Particulares, cunha duración de 24 meses (2º semestre 2021, 2022 e 1º semestre 2023)

2º.- Aprobar o gasto, por un importe máximo de licitación de 36.304 €, con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2270602 (ANÁLISES SALIVA EN LABORATORIO)

Dacordo coas anualidades previstas no apartado 2 da memoria económica, a imputación do prezo do contrato farase do seguinte xeito:

Exercicio 2021.....	9.076,00 €
Exercicio 2022.....	18.152,00 €
Exercicio 2023.....	9.076,00 €

3º.- Ordenar a apertura do procedemento de adxudicación aberto simplificado abreviado.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(550).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO, DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS”. EXPTE. 875/441.

Visto o informe xurídico do 11/06/21 e o informe de fiscalización do 16/06/21, dáse conta do informe-proposta

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en datas 22.08.2019 e 03.02.2020 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de reparación e mellora do Paseo entre Samil e Bouzas a favor de Angel Santorio Cuartero.

II.- O Arquitecto Angel Santorio Cuartero presenta proxecto de execución da “REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (3.758.772,64 EUROS).

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 09.04.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 12.04.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 15.04.2021 aprobou o proxecto de “REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS” redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRES MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (3.758.772,64 EUROS), de data Decembro de 2020 e con sinatura dixital de data 22.02.2021. (Expte.4879-443).

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 15.04.2021 e que se corresponde co expediente administrativo 4879-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado Arquitecto Angel Santorio Cuartero, de sinatura dixital de data 22.02.2021.

B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 16 de abril de 2021.

C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 16 de abril de 2021.

D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 4 de maio de 2021.

E) Certificado de crédito RC/REM nº 202100049728 asinado pola Dirección Superior Contable municipal.



Concello de Vigo

- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 6 de maio de 2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 21 de maio de 2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21 de maio de 2021.
- I) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo xestor en data 10.06.2021
- J) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de xuño de 2021

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 09.04.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**REXENERACIÓN DO PASEO DO FRONTE MARÍTIMO DA VILA DE BOUZAS**”, redactado polo Arquitecto Angel Santorio Cuartero.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10 de xuño de 2021.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “TRES MILLÓNS SETECENTOS CINCUENTA E OITO MIL SETECENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS” (3.758.772,64 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 652.348,97 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 15326190019 “Obras Paseo Bouzas”, segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	3.758.772,64 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(551).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DAS OBRAS DO PROXECTO DE “MELLORA DAS INSTALACIÓN DO TÚNEL DE BEIRAMAR”. EXPTE. 904/441.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 21/06/21, dáse conta do informe-proposta de data 18/06/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en datas 23.10.2020 e 19.11.2020 resolveu autorizar o gasto para redacción do proxecto de mellora das instalacións do túnel de Beiramar a favor da empresa Geocontrol S.A.



Concello de Vigo

II.- A empresa Geocontrol S.A. presenta proxecto de **“MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”**, redactado polo Enxeñeiro de Minas Rafael Sánchez Tostón, cun orzamento base de licitación máis IVE de **UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E OITO MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.498.480,69 €)**

III.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 03.05.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 03.05.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 06.05.2021 aprobou o proxecto de **“MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”**, redactado polo Enxeñeiro de Minas Rafael Sánchez Tostón, cun orzamento base de licitación máis IVE de **UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E OITO MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.498.480,69 €)**, de data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 29.04.2021.

IV.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 06 de maio de 2021 que se corresponde co expediente administrativo 4990-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Minas Rafael Sánchez Tostón, cun orzamento base de licitación máis IVE de **UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E OITO MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.498.480,69 €)**, de data febreiro de 2021 e sinatura dixital de data 29.04.2021.
- B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal/Xefe do Servizo de Vías e Obras e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 07.05.2021.
- C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 07 de maio de 2021.
- D)** Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 05 de maio de 2021.
- E)** Certificado de crédito RC nº 202100050614 asinado polo Director Superior Contable.
- F)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras en data 12 de maio de 2021.
- G)** Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 12 de maio de 2021.
- H)** Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 27 de maio de 2021.
- I)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 27 de maio de 2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 03.05.2021) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Séxto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO TÚNEL DE BEIRAMAR”, redactado polo Enxeñeiro de Minas Rafael Sánchez Tostón.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 27.05.2021.



Concello de Vigo

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de UN MILLÓN CATROCENTOS NOVENTA E OITO MIL CATROCENTOS OITENTA EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.498.480,69 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 260.066,90 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.6190094 (OBRAS DE MELLORA TÚNEL DE BEIRAMAR), segundo a distribución de anualidades proposta:

2021	1.498.480,69 €
-------------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(552).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez